

Esta reunión foi básicamente para dar información. Os principais puntos tratados foron:

- Horas extraordinarias: Nos servizos centrais só a percibiron dúas persoas e nos servizos periféricos aportarán os datos na vindeira reunión. O orzamento para este concepto segue sendo moi pequeno polo que apenas hai persoas perceptoras.
- Xubilacións parciais: informar que se están tramitando todas con normalidade.
- Modificación do Cadro de persoal: esta modificación consistente na supresión dos complementos A2 en prazas con código SA2 (suprimir o complemento A2 cando o posto quede vacante) e na eliminación de complementos interinos de CT2, en prazas vacantes de diferente Delegacións/Subdelegacións do Goberno.